

Guía sobre as probas de acceso a 2º, 3º, 4º Curso de Grao Elemental ¹

Curso 2021/22

- **REQUISITOS**

A idade dos aspirantes deberá estar comprendida entre os 8 e os 14 anos cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

Para a realización do exercicio A da proba naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

Os aspirantes deberán presentarse con partituras orixinais.

- **DESENVOLVEMENTO DAS PROBA**

Para todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte.
- B) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes: 60% o exercicio A e 40 % o exercicio B.

- **SUPERACIÓN DA PROBA E OBTENCIÓN DE PRAZA**

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte A.

- **OBSERVACIÓNS**

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI e do resguardo da inscrición.

Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal.

Para a realización das probas escritas, os alumnos deben traer bolígrafo, lápiz e goma.

- **CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os contidos e criterios de avaliación das probas pódense consultar nas programacións didácticas das materias que están a disposición do alumnado na páxina web do centro.

¹ **Lexislación aplicable:** Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Instrución conxunta da Axencia Tributaria de Galicia e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a aplicación de prezos públicos nas ensinanzas de réxime especial do 5 de xuño de 2015.